



### CONCELLOS

#### ANTAS DE ULLA

##### Anuncio

#### APROBACIÓN DEFINITIVA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES

Ao non presentarse reclamacións durante o prazo de exposición ao público, queda automaticamente elevado a definitivo o acordo plenario provisional do Concello de Antas de Ulla do 28 de novembro de 2024 de aprobación da ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre bens inmobles.

O texto íntegro da devandita Ordenanza faise público en cumprimento do artigo 17.4 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo.

#### “ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES

##### ARTÍCULO 1.- *Fundamento legal*

*O Concello de Antas de Ulla, no uso das facultades contidas nos artigos 133.2 e 142 da Constitución Española e conforme ao disposto nos artigos 15.2, 59.1 e 61 a 78 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, acorda fixar os elementos necesarios para a determinación das cotas tributarias do Imposto sobre bens inmobles e aprobar a Ordenanza Fiscal reguladora do mesmo, nos termos que se establecen nos artigos seguintes.*

*En calquera caso, terase en conta o establecido nas disposicións concordantes ou complementarias ditas para regular, desenvolver e aplicar este Imposto das que non exista na presente Ordenanza Fiscal un tratamento pormenorizado.*

##### ARTIGO 2.- *Natureza e feito imponible*

*1.- O Imposto sobre Bens Inmobles é un imposto directo de carácter real que grava o valor dos bens inmobles nos termos establecidos no Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo lei.*

*O feito imponible constitúe a titularidade dos seguintes dereitos sobre bens inmobles rústicos e urbanos e sobre predios de características especiais:*

- a) A concesión administrativa sobre os propios predios ou sobre os servizos públicos aos que estean afectados.*
- b) Dun dereito de superficie real.*
- c) Dun dereito real de usufruto.*
- d) Dereitos de propiedade.*

*2. A realización do feito imponible que se corresponda cos definidos no apartado anterior na orde establecida nel, determinará a non suxeición do ben urbano ou rústico ás restantes modalidades previstas nel. Nos inmobles de características especiais, aplicarase esta mesma prioridade, salvo cando os dereitos de concesión que poidan recaer sobre o inmovble non esgoten a súa superficie, caso en que o feito imponible tamén se realizará por razón do dereito de propiedade sobre a parte do inmovble non afectado por concesión.*

*3. Para os efectos deste imposto consideraranse bens inmobles rústicos, inmobles urbanos e inmobles de especiais características os definidos como tales na normativa do Catastro Inmobiliario.*

*4. No caso de que un mesmo inmovble estea situado en termos municipais distintos, entenderase, para os efectos deste imposto, que pertence a cada un deles en función da superficie que ocupe no termo municipal respectivo.*

##### ARTIGO 3.- *Exencións*

*Estarán exentos do imposto, sen necesidade de solicitude previa, os bens inmobles recollidos no art. 62.1 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo.*

Igualmente estrán exentos, previa solicitude, os bens inmobles recollidos no art. 62.2 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo.

#### **ARTIGO 4.- Suxeitos pasivos**

1. Son suxeitos pasivos as persoas físicas e xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, que posúan a titularidade do dereito que, en cada caso, constitúe o feito imponible deste imposto.

No caso de bens inmobles de características especiais, cando a condición de suxeito pasivo recaia sobre un ou varios concesionarios, cada un deles será así pola súa cota, que se determinará en función da parte do valor catastral que corresponda á superficie concedida e a construción directamente vinculada a cada concesión. Sen prexuízo do deber dos concesionarios de formalizar as declaracións a que se refire o artigo 76 desta lei, o ente ou organismo público ao que estea afectado ou cedido o ben ou o encargado da súa administración e xestión, estará obrigado a achegar, anualmente á Consellería de Economía e Facenda a información relativa ás ditas concesións nos termos e demais condicións que se determinen mediante orde.

2. O disposto no apartado anterior será de aplicación sen prexuízo da capacidade do suxeito pasivo para repercutir a carga tributaria soportada de acordo coas normas de dereito común.

#### **ARTIGO 5.- Base imponible**

A base imponible deste imposto estará constituída polo valor catastral dos bens inmobles, que se determinará, notificará e será obxecto de impugnación segundo o disposto na normativa do Catastro Inmobiliario.

#### **ARTIGO 6.- Base liquidable**

A base liquidable do imposto será o resultado de aplicar á base imponible as reducións a que se refire o artigo seguinte.

#### **ARTIGO 7.- Reducións da base imponible**

As reducións son as recollidas no art. 67 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo.

#### **ARTIGO 8.- Cota íntegra e cota líquida**

1. O importe íntegro deste imposto será o resultado de aplicar á base imponible o tipo de gravame a que se refire o artigo seguinte.

2. A cota líquida obterase reducindo a cota íntegra no importe das bonificacións previstas pola lei.

#### **ARTIGO 9.- Tipo de gravame**

En aplicación do establecido no artigo 72 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo o tipo de gravame será:

- bens inmobles urbanos: 0,55%.
- Bens inmobles rústicos: 0,55%.
- Bens inmobles de características especiais: 1,3 %.

#### **ARTIGO 10.- Bonificacións**

En aplicación do disposto no art. 74 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo establecense as seguintes bonificacións:

a.- Bonificación de ata o 90 por cento do tipo íntegro do gravame a favor daqueles contribuíntes que teñan a condición de propietarios de familias numerosas.

b.- Bonificación fiscal ou 50 por cento do tipo íntegro do imposto sobre bens inmobles se se instalan sistemas de enerxía solar térmica ou eléctrica. A aplicación desta bonificación estará condicionada a que as instalacións de produción de calor, incluídos os colectores, dispoñan da correspondente homologación pola Administración competente.

c.- Bonificación do 50 por cento sobre o tipo íntegro do gravame a favor de dous inmobles que dispoñan de puntos de recarga instalados para vehículos eléctricos. A aplicación desta bonificación estará condicionada a que as instalacións dispoñan da correspondente homologación pola Administración competente.

d.- Bonificación fiscal dos bens inmobles destinados a actividades agrarias, coa súa actividade do 50 por cento do tipo íntegro do gravame.

e.- Bonificacións da cota íntegra do imposto a favor de inmobles urbanos nos que se desenvolvan actividades económicas que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias de fomento do emprego, regulada no artigo 74.2 quáter do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, cos seguintes tramos:

- Bonificación dun 95% da cota íntegra do imposto pola creación de máis de 20 postos de traballo.
- Bonificación dun 75% da cota íntegra do imposto pola creación de entre 11 e 20 postos de traballo.
- Bonificación dun 50% da cota íntegra do imposto pola creación de ata 10 postos de traballo.

Estas bonificacións serán de aplicación unicamente a aqueles supostos de implantación dunha nova actividade económica ou empresarial, así como a aqueles outros que consistan nunha ampliación das instalacións sempre e cando impliquen creación de emprego.

A declaración de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias de fomento do emprego deberá realizala o Pleno da Corporación, previa solicitude do suxeito pasivo.

O procedemento a seguir será o seguinte: será necesario que se solicite polo interesado a declaración de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias de fomento do emprego, o que deberá efectuarse mediante solicitude a tal efecto. Xunto coa solicitude deberá aportar a seguinte documentación:

- Memoria explicativa das circunstancias de fomento de emprego en que se fundamenta a solicitude de declaración de especial interese ou utilidade municipal.

Presentada a solicitude e a correspondente documentación, a Alcaldía, previa verificación de que concorren as circunstancias que xustifican a declaración solicitada, formulará proposta de acordo que será elevada ao Pleno da Corporación. O acordo polo que se conceda ou denegue a declaración de especial interese ou utilidade municipal será notificada ao interesado.

A presente medida de carácter fiscal manterase durante tres exercicios orzamentarios.

#### **ARTIGO 11.- Período impositivo e devengo**

1. O imposto devengarase o primeiro día do período impositivo.
2. O período impositivo coincide co ano natural.
3. Os feitos, actos e negocios que deban ser declarados ou comunicados ao Catastro Inmobiliario faranse efectivos no devengo deste imposto inmediatamente despois do momento en que produzan efectos catastrais. A efectividade das inscricións catastrais resultantes dos procedementos de valoración colectiva e de determinación do valor catastral dos bens inmobles de características especiais coincidirá coa prevista nas normas reguladoras do Catastro Inmobiliario.

#### **ARTIGO 12.- Xestión do imposto**

1. A liquidación e recadación, así como a revisión dos actos dictados no proceso de xestión tributaria deste imposto, serán competencia exclusiva do Concello e comprenderán as funcións de recoñecemento e denegación de exencións e bonificacións, levando a cabo as liquidacións que condúzan á determinación de débedas tributarias, a expedición de documentos de recadación, a resolución de expedientes de devolución de ingresos indebidos, a resolución dos recursos interpostos contra os devanditos actos e as accións de asistencia e información ao contribuínte relativas ás materias recollidas neste apartado. .

O Concello poderá agrupar nun único documento de recadación todos os importes deste imposto relativos a un mesmo suxeito pasivo cando se trate de bens rústicos situados no mesmo concello.

O Concello determinará a base imponible cando a base imponible resulte da tramitación dos trámites de declaración, comunicación, solicitude, rectificación de discrepancias e inspección catastral previstos na normativa do Catastro Inmobiliario.

Non será necesaria a notificación individual das liquidacións tributarias nos supostos en que, de conformidade co disposto nos artigos 65 e seguintes do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo se efectuasen previamente as notificacións do valor catastral e da base imponible previstas nos procedementos de valoración colectiva.

Transcorrido o prazo de impugnación previsto nas citadas notificacións sen ter utilizado os recursos procedentes, as bases impositivas e liquidables notificadas entenderanse aprobadas e firmes, non podendo ser obxecto de nova impugnación ao proceder á exacción anual do imposto.

O imposto xestionarase a partir da información contida no rexistro catastral e nos demais documentos que expresen as súas variacións elaborados para o efecto pola Dirección Xeral do Catastro, sen prexuízo da competencia municipal para a cualificación dos inmobles de vivendas desocupadas. O devandito rexistro, que se formará anualmente por cada termo municipal, conterá información relativa aos bens inmobles, por separado para cada clase, e remitirase ás entidades xestoras tributarias antes do 1 de marzo de cada ano.

#### **ARTIGO 13.- Infraccións e sancións**

Será de aplicación en materia de infraccións e sancións o regulado nos artigos 178 a 212 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

**DISPOSICIÓN DERROGATORIA**

*Queda derogada a ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre bens inmobles aprobada polo Pleno de data 30 de novembro de 2023.*

**DISPOSICIÓN FINAL.- Aprobación, Entrada en vigor e modificación da ordenanza fiscal**

*A presente Ordenanza fiscal, aprobada polo Pleno deste Concello será de aplicación logo da súa publicación no BOP, conforme ao disposto no artigo 17.4 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, a partir do 1 de xaneiro seguinte, e continuará vixente en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación.*

*En caso de modificación parcial desta Ordenanza Fiscal, os artigos non modificados continuarán vixentes.”*

Contra o presente Acordo, conforme ao artigo 19 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, poderase interpor polo interesados recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Antas de Ulla, 21 de xaneiro de 2025.- A Alcaldesa, Pilar García Porto.

R. 0170

**BECERREÁ****Anuncio**

Aprobado inicialmente polo Pleno da Corporación, o Orzamento Xeral para o exercicio económico do 2025, expediente nº 1343/2024, e a plantilla de persoal para o devandito exercicio, en cumprimento do disposto no artigo 169.1 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, e disposicións concordantes, exponse ao público na Secretaría deste Concello, por prazo de 15 días hábiles que empezarán a contarse dende o seguinte ó da inserción do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia, a fin de que durante o mesmo poidan formularse reclamacións que deberán ser dirixidas ó Sr. Alcalde-Presidente.

Becerreá, 22 de xaneiro de 2025.- O Alcalde-Presidente, Don Manuel Martínez Núñez.

R. 0171

**Anuncio**

Aprobada inicialmente polo Pleno da Corporación en sesión plenaria de data 17 de xaneiro de 2025, a relación de postos de traballo para o exercicio 2025 en cumprimento do disposto no artigo 202.2 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia, exponse ao público na Secretaría deste Concello, por prazo de 20 días hábiles que empezarán a contarse dende o seguinte ó da inserción do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia, a fin de que durante o mesmo poidan formularse reclamacións que deberán ser dirixidas ó Sr. Alcalde-Presidente.

Becerreá, 22 de xaneiro de 2025.- O Alcalde-Presidente, Don Manuel Martínez Núñez.

R. 0172

**BÓVEDA****Anuncio**

Visto que o Concello de Bóveda, en sesión celebrada polo Pleno do Concello o día 27 de marzo do 2015, aprobou o Regulamento da Sede Electrónica e o Rexistro Electrónico do Concello de Bóveda (Lugo), publicado no BOP de Lugo núm.153, de data 6 de xuño do 2015.

Visto que por Resolución de Alcaldía núm.:2025-0042, do 21/01/2025, acordouse rectificar o erro material existente no punto primeiro do Decreto de Alcaldía núm.: 2024-0421, do 19/07/2024, no que se rectifica a URL da sede electrónica do Concello de Bóveda, concretamente **onde di:**

**“SEGUNDO.** O enderezo de referencia da sede electrónica do concello é: [www.concellodeboveda.sedelectronica.es](http://www.concellodeboveda.sedelectronica.es).

**Debe dicir:**

“**SEGUNDO.** O enderezo de referencia da sede electrónica do concello é: *concellodeboveda.sedelectronica.es*.

Bóveda, 21 de xaneiro de 2025.- O Alcalde-Presidente, José Manuel Arias López.

R. 0164

**CASTRO DE REI***Anuncio***Convocatoria de elección de Substituto de Xuíz de Paz**

De conformidade co disposto nos artigos 4 e 5.1 do Regulamento 3/1995, de 7 de xuño, dos Xuíces de Paz e 101 e 102 da Lei orgánica do Poder Xudicial, faise pública a convocatoria para a elección de Substituto de Xuíz de Paz do concello de Castro de Rei.

**CONVOCATORIA**

1º.- **OBXECTO.**- Elección de Substituto de Xuíz de Paz do concello de Castro de Rei polo Pleno do Concello.

2º.- **CONDICIÓNS LEGAIS QUE DEBEN REUNIR OS SOLICITANTES.**-

- Ser español.
- Ser maior de idade.
- Non estar incurso en ningunha das causas de incapacidade que sinala o artigo 303 da Lei orgánica do Poder Xudicial.

3º.- **INCOMPATIBILIDADES.**- As causas de incompatibilidade ás que se refiren os artigos 389 e seguintes da devandita lei orgánica, operarán con posterioridade ao nomeamento, mediante opción que efectúen os nomeados. Non constitúen causa de incompatibilidade a dedicación á docencia ou á investigación xurídica, e ao exercicio de actividades profesionais ou mercantís sempre que non impliquen asesoramento xurídico de ningún tipo e que, pola súa natureza, non sexan susceptibles de impedir ou menoscabar a súa imparcialidade ou independencia nin poidan interferir no estrito cumprimento dos deberes xudiciais.

4º.- **PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES.**- Quince días hábiles que comezarán a computarse a partir do día seguinte ao da publicación desta convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

5º.- **DOCUMENTACIÓN QUE DEBE ACHEGARSE COA SOLICITUDE.**- A solicitude será facilitada nas oficinas municipais, e acompañarase da seguinte documentación:

- Certificación de nacemento ou fotocopia autenticada do documento nacional de identidade.
- Certificación médica acreditativa de non estar impedido física ou psiquicamente para o exercicio da función xudicial.
- Certificación expedida polo Rexistro Central de Penados e Rebeldes, e declaración complementaria á que fai referencia o artigo 2 da lei 68/1980, do 1 de decembro, no seu punto 1, a), referente a “ si se encontra inculpado ou procesado”.
- Xustificante dos méritos que, no seu caso, alegue o solicitante.
- Declaración xurada de non pertencer a ningún partido político ou sindicato, ou ter emprego ao servizo dos mesmos
- Certificación de empadramento que acredite a residencia efectiva no concello de Castro de Rei.

6º.- **LUGAR DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES.**- No rexistro do Concello, en días laborais, en horario de oficina, de luns a venres de 09:00 a 14:00 h, ou na forma establecida no artigo 16 da Lei 39/2015, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Castro de Rei, 21 de xaneiro de 2025.- O Alcalde-Presidente, Francisco Javier Balado Teijeiro.

R. 0165

**CASTROVERDE***Anuncio***PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN PARA A PROVISIÓN DUN POSTO DE PEON-CONDUTOR DO CONCELLO DE CASTROVERDE, NO MARCO DO PROGRAMA DE FOMENTO DE EMPREGO 2024, FINANCIADO POLA EXCELENTISIMA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO.**

Por Xunta de Goberno Local de data 15 de xaneiro do 2025, aprobáronse as bases da convocatoria indicada.

As persoas aspirantes que desexen tomar parte no proceso selectivo deberán facelo constar mediante solicitude, dirixida ao Sr. Alcalde - Presidente do Concello de Castroverde con arreglo ao modelo que figura nas bases.

A presentación das solicitudes farase no rexistro de documentos do Concello de Castroverde ou en calquera dos restantes lugares previstos no artigo 16 da lei 39/2015 de 1 de outubro, do procedemento administrativo común, no prazo de **CINCO (5) días hábiles** a contar dende o día seguinte da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

As bases poden ser consultadas na web municipal (<https://concellodecastroverde.gal>)\_no taboleiro de anuncios do Concello de Castroverde e na páxina web da Excelentísima Deputación de Lugo.

Castroverde, 22 de xaneiro de 2025.- O alcalde, Xosé María Arias Fernández.

R. 0173

*Anuncio*

Que mediante Resolución de Alcaldía de data 21 de Xaneiro de 2025, prestouse aprobación inicial aos seguintes padróns, correspondentes ao cuarto trimestre do ano 2024:

- Padrón da taxa polo abastecemento de auga a domicilio, no que se inclúe o canon da auga (4º trimestre do ano 2024).
- Padrón da taxa por recollida de lixo.
- Padrón de sumidoiros.

Expóñense ao público polo prazo de 15 días hábiles contados dende o seguinte ao da publicación deste edicto no BOP de Lugo.

Recursos: Contra o acordo de aprobación dos padróns de: abastecemento de auga, recollida de lixo, rede de sumidoiros, e servizo de axuda no fogar, poderá interperse recurso de reposición.

Prazo de presentación do recurso: Un mes contado dende o día seguinte ao da finalización do período de exposición ao público dos padróns.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición, que no seu caso se formule, poderá interperse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establezan na Lei Reguladora da referida xurisdicción.

A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia, no prazo de un mes dende que se entende producida a notificación.

**ANUNCIO DE COBRANZA**

Para o cobro dos mesmos, os recibos seranlles cargados nas contas bancarias respectivas, e fíxase como período de cobro voluntario o prazo de dous meses, dende o día 30 de Xaneiro de 2025 ata o 30 de Marzo de 2025. Finalizado o prazo pasarase o seu cobro pola vía de constrinximento, cos recargos previstos no artigo 28 de Lei 58/2003 de 17 de decembro, Facenda Pública, Lei Xeral Tributaria, a través do Servizo Provincial de Recadación da Excm. Deputación Provincial de Lugo.

No tocante ao canon da auga, a falta de pago no período voluntario suporá a súa esixencia directamente pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia.

A presente publicación, nos dous supostos, de edicto de exposición ao público dos padróns e anuncio de cobranza, ten o carácter de notificación colectiva, ao amparo do establecido no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria.

Castroverde, 22 de xaneiro de 2025.- O alcalde, Xosé María Arias Fernández.

R. 0174

---

## LOURENZÁ

### *Anuncio*

#### Información pública

Aprobada inicialmente polo Pleno deste Concello en sesión ordinaria realizada o día 16 de xaneiro de 2025, a modificación da ordenanza fiscal reguladora do prezo público pola prestación do servizo de axuda no fogar no Concello de Lourenzá, expónse ao público polo prazo de trinta días hábiles contados a partir do seguinte día ao da publicación deste anuncio, dentro do cal os interesados poderán presentar as reclamacións e suxestións que estimen oportunas. De non presentarse reclamacións ou suxestións entenderase definitivo o acordo provisional, procedéndose á publicación íntegra da devandita ordenanza.

Lourenzá, 16 de xaneiro de 2025.- A Alcaldesa-Presidenta, Rocío López García.

R. 0166

---

### *Anuncio*

#### **NOTIFICACIÓN COLECTIVA DE DÉBEDAS TRIBUTARIAS DE VENCEMENTO PERIÓDICO**

##### **Padrón fiscal do Servizo de AXUDA NO FOGAR do mes de Decembro de 2024.**

#### **EDICTO**

Por Resolución de Alcaldía de data o día 20 de xaneiro de 2025, prestouse aprobación inicial ao Padrón fiscal do Servizo de Axuda no Fogar correspondente o mes de Decembro de 2024 a través da Lei de Dependencia e Programa Básico de Axuda no Fogar por importe de tres mil oitocentos vinte e catro euros con vinte e nove céntimos de euro (3.824,29€) , tres mil catrocentos nove euros con oitenta e catro céntimos de euro(3.409,84€) correspondente a dependencia , e catrocentos catorce euros con corenta e cinco céntimos de euros (414,45€) son de libre concorrència.

De conformidade co establecido no artº 102.3 da Lei 58/2003, xeral tributaria, do 17 de decembro, notificase colectivamente a liquidación do prezo público polo servizo de axuda no fogar correspondente ao mes de agosto de 2024.

O expediente poderá ser consultado polos interesados nas dependencias do servizo sociais do Concello de Lourenzá, durante o prazo de 15 días a contar dende a publicación deste anuncio no BOP de Lugo.

Contra as liquidacións provisionais anteriores, poderase interpoñer recurso de reposición perante o órgano competente do Concello no prazo dun mes, a contar dende o día seguinte o de finalización do prazo de exposición, ou calquera outro que se considere procedente. Todo iso, en virtude do establecido no artº 14.2 do Texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais.

#### **ANUNCIO DE COBRANZA**

De conformidade co establecido nos art º 24 e 25 do Regulamento Xeral de Recaudación, aprobado por R.D. 939/2002, do 29 de xullo comunícase como PRAZO, LUGAR E FORMA DE PAGO:

O prazo de cobro, en período voluntario será da primeira quincena do mes seguinte.

Para o cobramento dos mesmos, os contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, estes seranlles debidos na entidade bancaria que a persoa usuaria estableceu para o seu efecto .

Infórmase de que as débedas derivadas da falta de pago do prezo público serán esixidas de conformidade co disposto na lexislación tributaria polo procedemento administrativo de constrinximento.

Lourenzá, 20 de xaneiro de 2025.- A Alcadesa, Dª. Rocío López García.

R. 0167

## NAVIA DE SUARNA

## Anuncio

**APROBACIÓN DEFINITIVA**

En cumprimento do artigo 169.1, por remisión do 179.4, do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, ó non presentarse alegacións durante o prazo de exposición ó público, quedou automaticamente elevado a definitivo o acordo plenario de aprobación inicial do Concello de Navia de Suarna, adoptado en data 27 de decembro de 2024, o expediente, de transferencia de créditos entre partidas de distinto grupo de función, o que se fai público co seguinte detalle:

**APLICACIÓNS CON ALTAS DE CRÉDITOS**

APLICACIÓN	DENOMINACIÓN	CRÉDITO EN ALTA
151-22799	Trab. outras empresas. Urbanismo	10.100,00
161-22799	Trab. outras empresas. Auga	2.000,00
1621-214	Recollida de lixo. Reparacións	9.000,00
1621-22199	Recollida de lixo e obxectos voluminosos	4.000,00
1621-22799	Recollida de lixo. Traballo outras empresas	2.000,00
1623-22799	Tratamento residuos. Traballo outras empresas	1.150,00
163-22199	Limpeza viaria. Outros subministrados	250,00
231-22199	Asistencia social primaria. Outros subministrados	2.150,00
334-22694	Festada Androlla	3.560,00
338-22699	Festexos populares	4.279,15
342-212	Edificios deportivos. Reparacións	25,00
342-62902	Aport. municipal mellora enerxética Polidep.	29.964,76
450-61920	Vías públicas. Outras aportacións non subvenc.	1.000,00
454-213	Camiños. Reparacións maquinaria	2.120,00
454-61900	Camiños. Outras aportacións non subvenc.	18.000,00
920-13004	Persoallaboral. Condutor maquinaria	5.200,00
920-214	Reparacións elementos de transporte	11.010,00
920-22199	Subministrados de luz e outros gastos xerais.	5.600,00
920-22500	Tributos do Estado	300,00
920-22501	Tributos da Comunidade Autónoma	105,00
920-22699	Outros gastos diversos	6.000,00
	<b>TOTAL ALTAS DE CRÉDITOS</b>	<b>117.813,91</b>

**APLICACIÓNS CON BAIXA DE CRÉDITOS**

APLICACIÓN	DENOMINACIÓN	CRÉDITO EN BAIXA
454-61999	Outras posibles obras iniciais	117.813,91
	<b>TOTAL BAIXAS DE CRÉDITOS</b>	<b>117.813,91</b>



Contra o presente acordo, en virtude do disposto no artigo 113 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, os interesados poderán interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo na forma e prazos establecidos nos artigos 25 a 43 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora de dita xurisdicción.

Navia de Suarna, 23 de xaneiro de 2025.- O alcalde, José Fernández Fernández.

R. 0185

### Anuncio

De conformidade cos artigos 112,3 da Lei 7/85, de 2 de Abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e 169, 3 del Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de Marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e aprobándose pola Corporación, en sesión plenaria celebrada o día 27 de decembro de 2024, adoptou o acordo de aprobación inicial do Presuposto xeral desta Entidade e da plantilla de persoal do ano 2025, que resultou definitivo ó non presentarse reclamacións durante o prazo de exposición pública, faise constar o seguinte:

#### RESUMO DO REFERENCIADO PRESUPOSTO PARA 2025

	INGRESOS	PRESUPOSTO
CAPÍTULO	DENOMINACIÓN	EUROS
	OPERACIÓNS CORRENTES	
I	Impostos directo	193.424,87
II	Impostos indirectos	17.000,00
III	Taxas e outros ingresos	130.700,00
IV	Transferencias correntes	1.033.103,14
V	Ingresos patrimoniais	200,00
	OPERACIÓNS DE CAPITAL	
VI	Enaxenacións de inversións reais	
VII	Transferencias de capital	310.000,00
VIII	Activos financeiros	0,00
IX	Pasivos financeiros	0,00
	<b>TOTAL DO ESTADO DE INGRESOS</b>	<b>1.684.428,01</b>

	GASTOS	
CAPÍTULO	DENOMINACIÓN	EUROS
	OPERACIÓNS CORRENTES	
I	Gastos de Persoal	838.632,41
II	Gastos en bens correntes e servizos	456.835,60
III	Gastos financeiros	1.500,00
IV	Transferencias correntes	22.360,00
V	Fondo de Contixencia	0,00
	OPERACIÓNS DE CAPITAL	
VI	Inversións reais	365.100,00

VII	Transferencias de capital	0,00
VIII	Activos financeiros	0,00
IX	Pasivos financeiros	0,00
	<b>TOTAL DO ESTADO DE GASTOS</b>	<b>1.684.428,01</b>

**PLANTILLA DE PERSOAL****1.- FUNCIONARIOS DE CARREIRA**

ESCALA	SUBESCALA	POSTO DE TRABALLO	Nº PRAZAS	GRUPO	NIVEL C.D.
Habilitación Nacional	Secretaría-Intervención	Secretaría-Intervención Cuberta interinamente	1	A1	26
Administración Xeral	Auxiliar	Auxiliar	1	C2	18
Administración Xeral	Traballadora Social	Traballadora Social	1	A2	18
Administración Xeral	Encargada da Biblioteca	Encarga da biblioteca atempo parcial	1	C1	18

**2.- PERSOAL LABORAL FIXO**

DENOMINACIÓN DA PRAZA	Nº PRAZAS	SITUACIÓN
Peón de obras e servizos	2	Fixo
Celador-Operario Servizos Múltiples	1	Fixo
Axente de Emprego e Desenvolvemento Local	1	Fixo
Peón condutor	1	Fixo
Auxiliar de Axuda no Fogar	12	Fixo
Peón condutor de maquinaria	1	Vacante(cuberta temporalmente)

**3.- ALTOS CARGOS**

DENOMINACIÓN	Nº PRAZAS	SITUACIÓN
Concelleiro Delegado de Obras Concelleira Delegada de Sercicios Sociais	2	Dedicación parcial

Persoal a contratar con cargo ós seguintes Programas subvencionados: Reforzo do Emprego, Campaña incendios 2025; Aprol Rural.

Según o disposto no artigo 171.1 do Real Decreto Lexislativo, poderase interpor directamente contra o referenciado Presuposto, recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte á publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

Navia de Suarna, 23 de xaneiro de 2025.- O alcalde, José Fernández Fernández.

R. 0186

**PORTOMARÍN***Anuncio*

Estando próximo a vencer el periodo -cuatro años- por el que se nombró Juez de Paz titular y Juez de Paz sustituto de este municipio, se convoca para que, en el plazo de quince días computados a partir de la publicación de este edicto en el Boletín Oficial de la Provincia, cuantos tengan interés en aspirar a dichos cargos dirijan una instancia Sr.Alcalde – Presidente del Ayuntamiento de Portomarín, haciendo constar lo siguiente:

1º.- Nombre, apellidos, D.N.I., edad, profesión y domicilio.

2º.- Si ha desempeñado el cargo de juez de paz titular o sustituto.

3º.- Méritos que estime puede hacer valer.

4º.- Cargo al que optan Juez de Paz Titular y Juez de Paz Sustituto

Lo que se hace público en cumplimiento de lo ordenado y para conocimiento de cuantos estén interesados en solicitar la indicada plaza.

Portomarín, 17 de diciembre de 2025.- O alcalde, Pablo Rivas Folgueira.

R. 0175

---

### *Anuncio*

Por medio do presente faise público a Resolución da Alcaldía de data 22-01-2025 que di:

De conformidade co disposto nos artigos 23.3 da Lei 7/1985, de 2 de novembro, e no artigo 47 do Real Decreto 2568/1986, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, así como no art. 63 da Lei de Administración Local de Galicia, por medio da presente RESOLVO:

PRIMEIRO: Delegar, no Primeiro Tenente de Alcalde do Concello de Portomarín, D. Javier Rodríguez Vázquez, a totalidade das funcións da Alcaldía, entre os días 01 de febreiro e 28 de febreiro do ano en curso, ambos inclusive.

SEGUNDO: O presente Decreto surtirá efectos a partires do día seguinte ó desta data sen prexuízo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, debendo dar conta ó Pleno na primeira sesión que se celebre.

O manda e asina o Sr. Alcalde.

O que se fai público para xeral coñecemento e efecto.

Portomarín, 22 de xaneiro de 2025.- O alcalde, Pablo Rivas Folgueira.

R. 0187